

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 9 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura.

O tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional. Dentro das iniciativas que se teñen revelado como máis eficaces para producir con éxito ese tránsito, está o modelo de empresa tutelada. Este modelo facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa ficticia, no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero en que a titularidade dos medios de produción é da administración responsable do proceso de formación.

Resulta de grande interese, no marco dunha formación integral, para os titulados en ciclos formativos da formación profesional específica en acuicultura, participar neste itinerario de perfeccionamento profesional para desenvolver a actividade práctica de permanencia como traballadores en formación dentro das empresas tuteladas durante o tempo que abarcan as axudas obxecto desta convocatoria.

Polo exposto, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de tres (3) bolsas de especialización pos-formativa para titulados/as nos ciclos formativos de acuicultura, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrència, e proceder á súa convocatoria.

A concesión destas axudas rexeráse polas bases do anexo I desta orde.

Artigo 2º.-*Financiamento.*

Para a concesión destas bolsas destínase un total de cincuenta e seis mil cincocentos trinta euros (56.530 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 14.04.422K 480.0 do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 16 de outubro de 2008, e as correspondentes para os anos 2010 e 2011, co seguinte desgastado

Ano 2009: vinte e tres mil catrocentos cincuenta euros (23.450 €).

Ano 2010: vinte e oito mil douscentos noventa euros (28.290 €).

Ano 2011: catro mil setecentos noventa euros (4.790 €).

A cantidade establecida para cada anualidade poderá ser reaxustada en función da data de inicio de realización da bolsa.

Esta orde estará sometida ao regulado na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. Ao abeiro desta orde o crédito previsto queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente, no exercicio 2009, para financiar as obrigas derivadas deste acordo.

Artigo 3º.-*Prazo de resolución.*

O prazo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 6 meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. De non mediar resolución expresa no dito prazo as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Para o que non se estableza expresamente nesta orde terase en conta o disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas na nosa comunidade autónoma, no que non se opoña ao establecido na Lei de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Terceira.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2009.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I Bases

Primeira.-*Obxecto e dotación.*

O obxecto desta convocatoria é a concesión dun total de tres bolsas para titulados nos ciclos formativos de acuicultura, para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos na modalidade de empresa tutelada. A concesión destas tres bolsas realizarase a favor de todos os alumnos que remataron os ciclos formativos de acuicultura e non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin con anterioridade.

-A contía de cada unha das bolsas incluirá:

- a) Unha asignación mensual bruta de setecentos quince euros (715 €).
- b) Un seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes que se imputará á mesma aplicación orzamentaria que as bolsas.

Segunda.-Carácter da bolsa.

Dado o seu carácter formativo e de especialización, a concesión destas bolsas non implica relación laboral ou administrativa entre o beneficiario e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, aínda que deberá existir unha coordinación co horario e normas de funcionamento do centro onde realiza a súa formación; nin dará lugar á súa inclusión na Seguridade Social.

Terceira.-Condicións dos/as aspirantes.

-Ter rematado un ciclo formativo de acuicultura na data de remate do prazo de presentación de solicitudes desta orde de convocatoria.

-Non ter sido beneficiario de axudas similares para o mesmo fin con anterioridade á publicación da presente orde.

-Non ter incapacidade física ou padecer enfermidade que poidan impedir a realización dos traballos propios obxecto destas axudas.

Cuarta.-Documentación e trámites.

1. A solicitude destas bolsas farase mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, segundo o modelo normalizado do anexo II, e presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia (complexo administrativo de San Caetano) ou por calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administración públicas e do procedemento administrativo común.

A solicitude acompañarase dos seguintes documentos:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-*Curriculum vitae* de cada solicitante, cos documentos acreditativos dos méritos alegados.

-Fotocopia compulsada do título do ciclo formativo cursado ou, no seu defecto, certificación do centro onde cursase o ciclo formativo de ter rematado o ciclo e ser proposto para título.

-Planificación da produción, asinada polo aspirante, para cultivar un total de 5 millóns de exemplares de cría de ameixa babosa, de 3 mm de talla, nunha instalación tipo minicriadoiro.

-Declaración responsable da/o solicitante na cal conste non ter sido beneficiario destas bolsas ou doutras similares con anterioridade á publicación desta orde (anexo III).

-Declaración responsable sobre a concesión ou solicitude doutras bolsas ou axudas para a mesma finalidade financiadas por calquera administración ou ente público (anexo III).

-Declaración responsable da/o solicitante de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o que se sinalan no número 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a estipulada no número 2.e (non acharse ao corrente das obrigas tributarias) por estar excluído, consonte o establecido no número 1.e) do artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo IV).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

3. A Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro comprobará que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e publicará unha resolución no taboleiro de anuncios do Instituto Galego de Formación en Acuicultura coa lista de admitidos e excluídos, indicando, de ser o caso, as causas de exclusión. Contra a devandita resolución poderán os interesados formular reclamación para emendar erros e falta de documentos, ante a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro no prazo de 10 días a partir da publicación da resolución e achegarán, de ser o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se corrixa as causas de exclusión, procederase ao arquivo do expediente logo de resolución.

Quinta.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e da orde de convocatoria e, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 136/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á bolsa concedida, así como ás sancións impostas, nos devanditos rexistros, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios/as e o importe das bolsas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina.

Sexta.-Outorgamento da bolsa.

1. De acordo co disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión destas axudas é obxecto de delegación por parte da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos na directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

2. A comisión de selección, presidida pola directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa en quen delegue estará, ademais, formada por dous vogais en representación do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa) e un vogal en representación do Centro de Investigacións Mariñas (Cima); un dos membros actuará como secretario.

3. Na fase de selección teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

-Planificación da produción, asinada polo aspirante, para cultivar un total de 5 millóns de exemplares de cría de ameixa babosa, de 3 mm de talla, nunha instalación tipo minicriadoiro, e a súa defensa diante da comisión de valoración, puntuación máxima 6 puntos.

-Expediente académico persoal do aspirante, puntuación máxima 4 puntos, que se valorará do seguinte xeito:

Nota obtida de 10-8,6: valoración 4 puntos.

Nota obtida de 8,5-7,6: valoración 3 puntos.

Nota obtida de 7,5-6,6: valoración 2 puntos.

Nota obtida de 6,5-5: valoración 1 punto.

-Valoración da nota obtida no módulo de cultivo de moluscos ou de técnicas de cultivo de moluscos do ciclo formativo realizado polo aspirante, puntuación máxima de 2 puntos, de acordo co seguinte:

Nota obtida de 10-8,6: valoración 2 puntos.

Nota obtida de 8,5-7,6: valoración 1,5 puntos.

Nota obtida de 7,5-6,6: valoración 1 punto.

Nota obtida de 6,5-5: valoración 0,5 puntos.

-Valoración do grao de coñecemento do idioma galego, curso de perfeccionamento: 0,25 puntos.

4. Efectuada a selección pola comisión de selección, a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, nun prazo de 10 días, publicará a relación provisional de beneficiarios seleccionados e suplentes nos taboleiros de anuncios do Igafa e da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Contra esta resolución poderase formular reclamación no prazo de 10 días. Transcorrido o dito prazo, a comisión procederá a estudar as reclamacións presentadas e elevará a proposta definitiva á directora xeral, que no prazo de 10 días resolverá as adxudicacións definitivas.

5. A resolución definitiva da convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Igafa. Contra as resolucións expresas ou presuntas que deriven desta convocatoria, que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolución expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso, poderán os/as interesados/as interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolución expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

6. Os/as bolseiros/as seleccionados deben formalizar a aceptación da bolsa nun prazo máximo de 10 días desde a publicación da resolución de adxudicación no taboleiro de anuncios. No caso de non facelo así perderán a bolsa e procederase a cubrir as vacantes cos suplentes nomeados.

No momento da aceptación deben asinar unha declaración responsable en que manifesten que non percibirán nin están pendentes de percibir outra subvención ou axuda para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público.

7. No caso de producirse a renuncia por parte dun bolseiro dentro do período de realización da bolsa, poderase proceder a cubrir a citada vacante cos suplentes por rigorosa orde de puntuación.

Sétima.-Obrigas do beneficiario.

-Os/as beneficiarios/as das axudas deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e os xuros de demora percibidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os/as beneficiarios/as das axudas concedidas ao abeiro do disposto nesta orde quedan obrigados a comunicarlle á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, de acordo co artigo 11 d) da Lei 9/2007, a obtención doutras subvencións ou axudas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención en calquera momento ao longo do período de realización da bolsa.

-Ademais, están obrigados/as a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Oitava.-Pagamento.

Unha vez producida a incorporación á empresa tutelada e tras ser certificada esta polo/a director/a do Igafa, procederase ao pagamento da cantidade mensual con efectos a mes vencido.

Antes do pagamento da última mensuralidade a/o bolseira/o deberá presentar unha memoria da actividade realizada durante o período de aproveitamento da bolsa, co visto e prace do responsable da súa formación. Deberá tamén presentar unha declaración responsable sobre a concesión ou solicitude doutras bolsas ou axudas para a mesma finalidade financiadas por calquera administración ou ente público.

Novena.-Duración.

As bolsas concederanse polo período de dous (2) anos desde a data de aceptación da bolsa, sen posibilidade de prórroga.

Décima.-Lugar de realización das actividades e titaría.

Os/as beneficiarios/as realizarán as actividades obxecto da bolsa nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura na Illa de Arousa, e serán tuteladas por M^a del Carmen Andrés Rivas e Miguel Ángel Lastres Couto, profesores deste instituto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO II

PROCEDEMENTO BOLSAS DE FORMACIÓN EN RÉXIME DE EMPRESA TUTELADA PARA TITULADOS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE601C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DA/O SOLICITANTE

APELIDOS 		NOME 		NIF
DATA NACEMENTO 	ENDEREZO 			
LOCALIDADE 	PROVINCIA 	CONCELLO 	CÓDIGO POSTAL 	
ENDEREZO ELECTRÓNICO 		TELÉFONO 1 	TELÉFONO 2 	

ESTUDOS REALIZADOS NO IGafa

DENOMINACIÓN DO CICLO FORMATIVO 	
GRAO 	ANO DE REMATE DO CICLO FORMATIVO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DNI ☐ CURRICULUM VITAE DE CADA SOLICITANTE ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DO CICLO FORMATIVO ☐ PROXECTO DE PLANIFICACIÓN DE PRODUCCIÓN ☐ DECLARACIÓNS RESPONSABLES
--

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvención concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da persoa beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 9 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura.</i>	(Para cubrir pola Administración) <table border="1"> <tr> <td> RECIBIDO </td> <td rowspan="2"> NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ </td> </tr> <tr> <td> REVISADO E CONFORME </td> </tr> </table>	RECIBIDO 	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____	REVISADO E CONFORME
RECIBIDO 	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____			
REVISADO E CONFORME 				
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____				

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro
Rúa dos Irmandiños s/n, Salgueiriños – 15781 Santiago de Compostela

ANEXO III

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Don/Dona , con NIF

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE (sinalar cun X o que proceda)

- ☐ Que NON solicitou, nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- ☐ Que solicitou, e se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, como se indica a continuación.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar "DENEGADA".

- ☐ Que NON foi beneficiario/a de axudas relacionadas co obxecto da solicitude, ou doutras homologadas a elas con anterioridade á publicación desta orde.

_____, de _____
(Sinatura)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona , con DNI nº

en relación coa convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura.

DECLARA,

Que non está incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a , de conformidade co punto 1 da base cuarta do anexo I da convocatoria arriba indicada.

(Lugar, data e sinatura)
_____, de _____ de _____